




ACONDICIONAMIENTO E CONSOLIDACIÓN ARQUEOLÓGICA NO CASTRO DE VILADONGA (CASTRO DE REI, LUGO). 2015

Marta Díaz Fernández
BIC, Materiales y Conservación SL



Plano de localización dos Espazos a intervenir en 2015.

En agosto do ano 2015 finalizaron os traballos de acondicionamento e consolidación arqueolóxica no Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo), co-financiados polos fondos europeos FEDER e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

O proxecto de intervención constaba de 11 estruturas agrupadas en 4 espazos denominados: Espazo 8 (E-53, E-54, E-55); Espazo 9 (E-52, E-56, E-57e E-58); Espazo 10 (E-59, E-60, E-61) e Espazo 11 (E-62) que continúan e completan os labores de restauración comezados en anos anteriores.

Un dos principios que guiaron os traballos de consolidación no Castro de Viladonga foi a necesidade de facilitar a accesibilidade nas áreas intervidas. Por isto non só foi necesario un labor de restauración, senón tamén de recheos en certas zonas do pavimento para que se puidesen transitar de forma máis doada. A mellora na accesibilidade, tanto no castro coma no museo, foi un dos obxectivos a acadar. No castro construíronse ramplas para facilitar o percorrido dos visitantes e no museo, incorporouse unha mesa táctil para o público con discapacidades visuais.

Por último, traballamos na realización dun plan de conservación a longo prazo que mostra as necesidades de futuras intervencións en toda a croa do castro. Sen esquecer os traballos de divulgación de todas estas actuacións.

O método empregado nos traballos de restauración foi unha continuación do desenvolvido en anteriores campañas. Xunto a elaboración da diagnose previa e os procedementos de limpeza e restauración, tamén foi necesaria a revisión detallada das memorias das escavacións antigas para documentar as estruturas a consolidar.

Como sempre, estas actuacións foron dirixidas polo arqueólogo director D.Emilio Ramil González. Durante o transcurso de ditos traballos, decatámonos da necesidade real dunha revisión completa das memorias anteriores para recompilar e actualizar datos, así como de propoñer sempre unha escavación previa que defina os espazos a intervir en novas campañas. Como exemplo disto temos a escavación no Espazo 11, co descubrimento do denominado

“posto de vixilancia” ou corpo de garda na E-62, cuxa restauración fíxose dun modo provisional en vista da necesidade de realizar unha escavación en área e definir este espazo.



Espazo 9 antes do recheo.



Espazo 9 despois do recheo.

Por outra banda, e como dixemos anteriormente, se é necesario escavar para definir uns espazos, tamén é necesario tapar para conservar outros. Isto é, hai estruturas que presentan os alicerces descalzados e polo tanto precisan reencherse para garantir a súa estabilidade. O pavimento de certas áreas da croa presenta desniveis e buracos que producen certa confusión na interpretación. O recheo destas áreas é a única solución neste senso.

As dúas rozas que se fixeron durante a intervención tamén melloran a conservación e a apreciación da croa e do sistema defensivo. Unha das rozas feitas limpou as sondaxes dos foxos e muralla, necesarias para entender a complexidade destas defensas.



Roza do foxo

Mención aparte merece o tema da divulgación, que segue sendo fundamental no proxecto deste ano, continuando con actuacións que sabíamos que tiveron grande éxito en anteriores campañas:

- Os obradoiros de restauración onde os cativos xogaron facendo argamasas coloreadas.
- O blogue, que difunde periodicamente os traballos no castro.
- A colaboración nas “II Xornadas sobre a conservación en castros do noroeste peninsular”, que este ano incorporaban a relatores de Asturias, Portugal e León para debater e compartir interesantes experiencias sobre a problemática da conservación, comprobando que neste tema son máis as cousas que nos unen que as que nos separan.




Obradoiro para nenos.

Tamén se fixeron melloras, como fotografías aéreas dende varios ángulos (feitas cun dron), para lograr un enfoque máis artístico co fin de realizar algún tipo de “merchandising” (postais, pósters, etc.). O panel explicativo de entrada ao castro foi actualizado, incorporando os percorridos accesibles habilitados este ano.


Outra novidade, foi a realización dunha mesa táctil para persoas con discapacidade visual. O museo en colaboración coa ONCE elixiu as pezas máis significativas para facer as replicas exhibidas nesta mesa para tocar e, deste xeito, achegar a súa comprensión.



Mesa Táctil



Dron



Vista aérea despois da intervención.

